



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

REGULAMENTO DO SERVICIO DE OPTOMETRÍA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A constitución do Servicio de Optometría na USC foi aprobada na sesión do Claustro Universitario do 6 de marzo de 2001 coa aprobación da actualización da programación plurianual, co nome de Gabinete de Optometría, como parte do programa de calidade integral no apartado de mellora da docencia práctica.

É necesario desenvolver regulamentariamente as funcións e funcionamento do Servicio de Optometría para dar cumprimento o mandato do Claustro

1.- REXIME XURÍDICO

O Servicio de Optometría (SO) é un Servicio da Universidade de Santiago de Compostela adscrito á Escola Universitaria de Óptica e Optometría (EUOO), que estará regulado polos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, polo presente regulamento e demais normativa que lle resulte de aplicación, e terá ó seu cargo as instalacións que lle asigne a EUOO.

2.- FINS

O Servicio de Optometría constitúese con finalidade de promover a formación, investigación e transferencia de coñecementos no seu ámbito de actividade (optometría clínica e as súas especialidades: contactoloxía, rehabilitación visual, baixa visión, ...), ofrecendo, no seu caso, á comunidade universitaria e a sociedade unha atención especializada e de calidade con fins docentes, investigadores, de formación continua, asistenciais e sociais para ofrecer:

- a) Ao alumnado, tanto da diplomatura como de posgrao, unha formación práctica intensa, ampla e acorde coa realidade do seu entorno e as súas necesidades de formación.
- b) Ao profesorado: unha posibilidade de formación continua e de ampliación das súas liñas de investigación, así como de desenvolvemento e perfeccionamento de novas técnicas nos campos aplicados correspondentes á súa área de coñecemento.
- c) Á comunidade Universitaria e á sociedade, a través dos convenios oportunos,



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

un servizo especializado de alto nivel nos ámbitos de aplicación da Optometría, así como divulgación de campañas de saúde visual e ocular e de atención primaria neste eido.

- d) Ao profesional da óptica-optometría: unha infraestrutura de apoio no seu labor aplicado e formativo.

3- DIRECCIÓN

O SO contará cun Director/a do servizo e unha Comisión Técnica.

O director do SO será nomeado polo Rector a proposta do Director/a da EUOO, entre o profesorado da EUOO con capacitación para o exercicio profesional da optometría.

Son funcións do Director do SO:

- Representar ó SO
- Executar os acordos da Comisión Técnica do S.O.
- Elaborar una memoria anual das actividades do SO, que presentará á Xunta da Escola Universitaria de Óptica e Optometría.
- Responsabilizarse da adecuada prestación dos servizos, tanto desde o punto de vista clínico como administrativo.

4.. COMISIÓN TECNICA.

Nomearase una Comisión Técnica do SO, coas seguintes funcións:

- Asesorar ó Director do SO
- Aprobar a proposta de presuposto do SO
- Elaborar a proposta de tarifas dos servizos do SO
- Establecer horarios e outras normas de funcionamento para a atención dos pacientes e a utilización das instalacións do SO. A normativa de funcionamento deberá ser ratificada pola Xunta de Escola da EUOO
- Informar dos horarios de prácticas clínicas que deberán ser aprobados pola Xunta de Escola e dos que se informará ós Departamentos.
- Proponer á Xunta da EUOO a adquisición e mantemento dos recursos materiais e instrumentales necesarios para unha correcta realización das prácticas clínicas.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Comisión Técnica do SO estará formada polas seguintes persoas:

- O Director da EUOO
- O Director do SO
- Tres profesores, con titulación que lles habilite para a práctica profesional da optometría, elixidos pola Xunta da Escola. Alomenos dous destes profesores serán funcionarios.
- Un representante dos alumnos da Xunta da Escola
- Un representante do Personal de Administración e Servicios con destino na EUOO.

As sesións ordinarias da Comisión Técnica serán, alomenos, unha por cuatrimestre. Serán convocadas por orde do director do SO con fixación da orde do día. No caso de ser necesario o director do SO poderá convocar sesións extraordinarias.

5.- TARIFAS.

Os honorarios polos servizos prestados serán recollidos nunha tabla de tarifas, aprobadas polo Consello Social da USC, a proposta da Comisión Técnica do SO. Estas tarifas renovaranse cada ano, de acordo coas variacións que experimenten os prezos do material e do mantemento do instrumental necesario.

As tarifas poderán ser distintas segundo o tipo de paciente, o que deberá especificarse, en cada caso, na taboa de tarifas.

6.- PROFESORADO.

Todo profesor da EUOO, con titulación que o habilite para a actividade profesional de optometría, poderá desenvolver actividade no SO.

7.- BOLSEIROS

Poderán nomearse bolseiros, despois de proceso selectivo específico dirixido a diplomados en Óptica e Optometría para actividades formativas a desenvolver no SO, de acordo coa normativa xeral de bolseiros da USC

Mediante sinatura de convenios de colaboración con empresas e institucións se



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

poderán financiar bolsas de investigación e formación no SO

8.. ALUMNOS.

Os alumnos que poderán recibir formación practica no SO. poderán ser:

- Estudiantes matriculados na titulación de diplomado en Óptica e Optometría, ou aquelas equivalentes que puideran existir no futuro, impartidas na USC.
- Alumnos de cursos postgrado da USC., organizados polos Departamentos con docencia na Escuela Universitaria de Óptica e Optometría.

En todo caso, sempre estará presente un profesor como responsable da actividade práctica formativa.

Os alumnos que realicen actividades nas instalacións do S.O. o farán de acordo cos horarios e normas de funcionamento establecidas pola Comisión Técnica.

9.- PACIENTES.

Os pacientes que poderán ser atendidos polo Servicio de Optometría son:

- Membros da comunidade universitaria.
- Persoas incluídas nos convenios de colaboración con institucións.
- Pacientes remitidos ó Servicio de Optometría por profesionais con exercicio libre e que requiran asesoramento ou exames específicos mediante instrumental do que non dispoñen e de acordo co convenio establecido o efecto co Colexio Oficial.

10.- DEONTOLOXÍA.

Tódalas persoas que realicen actividades no SO actuarán conforme os horarios e normas de funcionamento establecidas pola Comisión Técnica

A todo paciente do SO se lle aportará, tanto mediante explicación oral como por escrito, o consentimento informado, axustándose ó establecido na Lei Xeral de Sanidade.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os pacientes estarán informados de que a EUOO é un centro docente, polo que o seu caso poderá ser observado por alumnos, e que os datos obtidos poderán ser utilizados para unha posterior investigación ou publicacións.

Toda prescripción optométrica deberá estar revisada e asinada por un dos profesores presentes no SO durante a atención ó paciente.

DISPOSICION ADICIONAL

A Comisión Técnica realizará unha valoración do funcionamento do SO transcorridos tres anos desde o seu establecemento e unha proposta de actualización da normativa de funcionamento e deste regulamento, en caso de ser necesario.


DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación pola Xunta de Goberno da USC

DILIXENCIA: Para facer constar, antes da aprobación da acta correspondente, que a Xunta de Goberno da Universidade, na súa sesión do día 23 de abril de 2002, **acordou** aproba-la presente “**Creación do servizo de Optometría**”. Co Visto e Prace do Excmo. e Magfco. Sr. Rector.


Santiago de Compostela, 29 de abril de 2002

Vº e Pr
O RECTOR
P.D. do 25 de abril de 2002
O Vicerrector de Investigación



José Ramón Leis Fidalgo

O SECRETARIO XERAL



Gumersindo Guinarte Cabada